LCD

Lugo Cultura Dixital

MURALLA ABERTA

#3



ARTE URBANA LUCENSE


















RESUMO

3 EDITORIAL

3 *Ana Belén Traseira Pena*

4 ARTE

5 ARTE URBANA DA NOSA CONTORNA
Aurelia Balseiro

12 HISTORIA

13 O CAMIÑO DE MAR, OU O PEREGRINAR POLA COSTA
Juan Ramón Fernández Pacios

24 75 ANIVERSARIO DO NAUFRAXIO DO PESQUEIRO “JESÚS NAZARENO”
Xesús do Breogán

30 ASOCIACIONISMO

31 A POMBA DO ARCO: 31 ANOS DE HISTORIA

34 TURISMO

35 VIAXAR NA NOSA CIDADE
Guido Álvarez Parga

39 DÍA DAS LETRAS GALEGAS

40 RICARDO CARVALHO CALERO. PEDAGOGO E A EDUCAÇAO AMBIENTAL
Adela Figueroa Panisse

44 NATUREZA

45 PROYECTO UNED. #LUGONATURALMENTE

49 #PlanetaODS

54 PATRIMONIO

55 BASÍLICA DE SAN MARTIÑO DE MONDOÑEDO

56 CASTELO DE CASTRODOURO

57 PERSONAXES GALEGOS

58 ÁLVARO CUNQUERIO MORA

60 COLABORADORES

Dª ANA BELÉN TRASEIRA PENA

Directora do Centro Asociado da UNED en Lugo



Neste novo número da revista Muralla Aberta, que xorde froito da colaboración entre a Deputación de Lugo e o Centro Asociado da UNED de Lugo a través do proxecto "Comunicación e Cultura Dixital", detemos primeiro a nosa mirada na arte urbana que enriquece moitos recantos da nosa cidade, da man de Aurelia Balseiro, directora do Museo Provincial de Lugo.

Aproximarémonos a outro xeito de chegar a Santiago a través do Camiño do Mar, que percorre toda a costa galega ata Ferrol, onde se une ao Camiño Inglés. O historiador Juan Ramón Fernández Pacios documenta e explica con detalle a existencia desta variante do Camiño do Norte que discorre polas terras bañadas polo mar cantábrico dende Ribadeo ata Ferrol.

De historia local do Concello de Foz fálanos o escritor Xesús do Breogán, que rende homenaxe aos mariñeiros que perderon a súa vida hai 75 anos no naufraxio do barco focense Jesús Nazareno cando se dirixía á pesca do bonito.

Dedicamos a sección de asociacionismo aos 31 anos da asociación focense A Pomba do Arco, referente na defensa da lingua e cultura galegas e impulsora de iniciativas coma ás "Xornadas de Historia Local de Foz" e "Sentirmos a Arte", a "Festa da palabra", cursos, presentacións de libros ou excursións para explorar o importante patrimonio galego.

Nestes tempos temos que aproximarnos máis si cabe ao noso e darlle valor á historia de Lugo. Un consello que nos dá o guía lucense Guido Álvarez para ser máis felices é viaxar na nosa ciudade e disfrutar dos pequenos detalles e grandes tesouros que esconde Lucus Augusti.

Nesta edición dedicamos como sempre unhas páxinas ao potagonista do Día das Letras Galegas que este ano 2020 homenaxea ao filólogo e escritor ferrolano Ricardo Carvalho Calero. A profesora Adela Figueroa destaca no seu relato a importante labor que desenvolveu durante quince anos Carvalho Calero no ámbito da educación en Lugo como director do Colexio Fingoi, ao que lle deu unha perspectiva pedagóxica moi innovadora, integrando a educación ambiental como peza fundamental do saber.

Presentámosvos ademais na sección de natureza o proxecto da UNED #LugoNaturalmente, unha iniciativa que inciamos en xaneiro deste ano 2020 e que dende a UNED de Lugo persegue múltiples obxectivos; como a posta en valor do noso patrimonio ambiental, a loita contra o cambio climático, o fomento dun xeito de vida máis sostible e a difusión e contribución aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU. Coñeceremos tamén a canle Planeta ODS, creado para fomentar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU e contribuír a alcanzalos.

Todos este contidos e moitos máis enriquecen a nosa revista. Non quero deixar de agradecer, unha vez máis, ás asociacións culturais da provincia de Lugo e a todos os colaboradores deste número a súa xenerosidade e paixón pola arte e cultura galegas e máis concretamente pola riqueza patrimonial, en tódolos sensos, da provincia de Lugo que un número máis queremos achegarvos.

Cos meus desexos dunha próspera lectura.

URBANA ARTE

Arte urbana da nosa contorna

Autora:
AURELIA BALSEIRO



O movemento denominado ***Street-art*** ou arte urbana nace nas cidades, en zonas periurbanas principalmente, primeiro en relación cos grafitis, rozando a ilegalidade e, porén, desde o anonimato ou con pseudónimos para evitar responsabilidades de vandalismo. Esta subcultura espállase e desenvólvese no último terzo do século XX, convertíndose xa na década dos 90, nunha alternativa creativa de expresión artística e nun movemento subversivo de resistencia cultural.

Os seus lenzos son os muros, casas, túneles, pontes, vagóns de metro/tren e case toda clase de superficies ou paramentos verticais urbanos.

As técnicas usadas primeiro ían en relación coa modalidade de pintura rápida: uso de plantillas, esténciles, pintura en spray/aerosoles, instalacións e outras técnicas lixeiras ou doadas de manexar.

Además do seu carácter efémero e transgresor, desde o seu inicio caracterízase principalmente pola obvia alteración e modificación do espazo, ocupado a través das formas e do explosivo uso da cor, a composición, xogando coa perspectiva e a profundidade, xunto con altas doses de creatividade e liberdade absoluta, asociadas a unha ideoloxía reivindicativa ou á comunicación de mensaxes visuais concretos en relación coa actualidade política, cultural, económica, social.. etc. Se cadra, o máximo referente internacional coñecido do *street-art* quizais sexa o británico **Bansky**.

A arte relacionada coa mensaxe e a reflexión e, por suposto, coa comunicación non é ningunha novidade, Castelao dicía que nunca cultivara a arte pola arte, é dicir consideraba a arte como "un elemento, un recurso, un medio de expresión" para ser un "fiel intérprete do seu pobo, das súas dores e esperanzas". *Mutatis mutandis* estes xoves creadores tamén expresan a súa necesidade de comunicar e/ou denunciar.

Nova modalidade de expresión

A partir de 1990 é cando se comeza a dar visibilidade á arte na rúa considerándoa como unha nova modalidade de expresión artística, que tardou en ser definida como tal, ata denominarse definitivamente arte urbana ou arte da rúa o que, en principio, era pexorativo en relación co preconcepto do grafiti como pintada molesta e invasiva.

Co paso do tempo e xa no século XXI, segue e seguirán a verse pintadas vandálicas punibles e execrables pero

Arte urbana da nosa contorna

desvinculadas da arte urbana. Esta clara e obvia separación tamén adoita verse agora entre algúns muralistas e grafiteiros, aínda que desde fóra poidan parecer mundos converxentes, están desenvolvendo características de seu e, así mesmo, outros artistas tradicionais escollen expresarse na modalidade mural urbana de comunicación creativa.

As pintadas e os grafitis existen desde a prehistoria entendidas como marcas, sinais, como pegadas das persoas que pasaron por un sitio, o equivalente ao posterior: "fulanito estivo aquí", dos que hai moitos exemplos na época do imperio romano e que seguirán existindo incluso en soportes patrimoniais donde non deberían estar[1]. Pero na arte urbana a escala monumental, a composición e a cor caracterizan e diferencian as súas manifestacións do vulgar *hic fuit*.

Como pasou de ser unha manifestación subversiva á valorizar espazos urbanos? Cuestión de calidade, de arte, de dignidade?

Okuda, de actualidade pola actuación no *faro cántabro de Ajo*, artista invitado na 13ª edición da feira Art Madrid, di: "*El arte urbano es el último paso en la Historia del Arte y está muy bien valorado en las mejores ferias internacionales. Bansky y Os Gemeos están entre los artistas más cotizados del mundo y España es muy potente en ese circuito*". Menciona a creadores tan importantes como Felipe Pantone, Nano 4814, San, Aryz, Spok e Suso 33.

Así e todo, os artistas urbanos reivindican cadanseu estilo propio e son recoñecidos polas súas obras ou temas plasmados, polo emprego de identidades concretas, pola figuración plástica utilizada, pero teñen en común o uso acentuado da cor, xogando coa monumentalidade e a profundidade para derivar nunha estética que mira tanto á arte clásica, como ao cómic, á ilustración, á cultura pop, á publicidade, cine, fotografía ou ao deseño gráfico.

Do mesmo xeito existe unha boa canteira de multidisciplinares e polivalentes creadores que proceden de mundos diversos: escolas de arte e deseño, facultades de Belas Artes, ilustradores, fotógrafos, autodidactas, etc., e hai que sinalar a interesante proporción de



Obra de Powone En Frigsa

1 No parque arqueolóxico portugués do Vale do Côa, conviven gravuras rupestres de hai 25.000 anos con outras do s. XVII e posteriores.

Arte urbana da nosa contorna



Parque infantil de Paradai



Rúa das Fontes

mulleres que tocan a arte urbana como medio de expresión, aínda que se combine con outras producións creativas, por exemplo en Galicia: Iria Fafián (Nada), María Rodríguez, Eva Seoane, Doa Oa, Xoana Almar, Belén Serra, Lidia Cao, Xulia Pisón, Lula Goce, Blanca Vila, Yanina Torres, Paulah Lovelle, Diana Rodeiro (NaNa), María Maquieira, Noemí Núñez, Pía Piadosa, entre outras.

Certamente, é unha mágoa o tempo que nestes lares tardou en callar a arte urbana. Aínda que algunhas propostas son polémicas, lembrade a devandita de Okuda, incluso esa transgresión inicialmente inherente ao seu *modus operandi*, agora xa non o é tanto polo contido, senón pola forma e o soporte, menos subversiva e máis estética, aínda que leve mensaxe implícita. Non obstante, noutros casos é precisamente a situación do soporte o que as fai consolidar cambios fulminantes e moi positivos na contorna donde radican.

Que persegue a arte urbana?

Hai contextos nos que contribúen a dinamizar espazos urbanos ou a embelecer paredes de inmobles ou zonas depauperadas/degradadas, recordemos o caso das Meninas de Canido (Ferrol) desde o 2008 da man de Eduardo Hermida, na Coruña no viaducto dos Castros por iniciativa dunha asociación de veciños, ou no Orzán.

Noutros casos revalorizan ou chaman a atención de espazos infrautilizados a nivel estético como en Lugo o mural preto da catedral (de Concepto Circo na rúa Bo Xesús), portas de garaxes/comercios (de Otro Prisma na Rampa de Claudio López), en san Cibrao (Cervo) no contedor do Museo do Mar (Iago Eireos) ou no peirao de Burela (varios autores).

Estas iniciativas locais que tardaron en callar nas cidades galegas, xa se consolidaran noutras partes, pero hai que recoñecer o apoio institucional para difundilas en base a eventos[2] como *Ruarte Fest* (en Coruña desde 2017), *Cromático Mural Fest* (2018, Cambre), *Rexenera Fest* (2016, Carballo), e o decano de todos eles: *DesOrdes Creativas* (desde 2007, Ordes).

Na nosa provincia concursos como o de *Amarte* en Burela ou proxectos realizados no concello de Lugo como *Stylefighters Fest*, convidan a artistas para plasmar as

2 Non mencionaremos outros eventos de cultura urbana donde teñen cabida a obra de grafiteiros e muralistas pero misturado con outras modalidades como hip hop, parkour, skate, música, deporte... como o Marín Hip Hop Weekend ou O Marisquiño en Vigo.

Arte urbana da nosa contorna



Grafiti Bure en Amarte Fest. ©Concepto Circo

súas inquedanzas en zonas acotadas, ofrecendo espazos de creatividade, diálogo social e visibilidade pública e institucional.

Os resultados destas intervencións non deixan indiferente a ninguén, e non se trata só dunha cuestión de formato, hai pequenas intervencións efémeras como, en Lugo, o Primo de Bansky que teñen moito calado na rúa e nas redes sociais, ou as de Leandro Barea, aínda que é obvio que as que non pasan inadvertidas son as plasmadas en grandes murais de edificios *per se* pouco senlleiros, como o traballo de Lula Goce coa imaxe de Isaac Díaz Pardo nunha fachada de 100m2 dun edificio en Sada; os murais das "superavoas" galegas de Yoseba MP, que forman unha saga comezada en 2016, denominada por Muruzabal "Fenómenas do rural", por varios concellos galegos dos que destacamos a última realizada o ano pasado en Santiago: "A Popppins do Sar"; os murais de Powone do Vigo antigo na cidade homónima ou a louza de Sargadelos (Ordes) e a queimada (en Cambre) de Manolo Mesa. Son exemplos de arte urbana que además do seu valor intrínseco, perseguen afianzar a nosa idiosincrasia ou o patrimonio cultural de seu.

A artesanía[3], os persoeiros históricos ou populares, o cine, o mar, os oficios, a fantasía…, son temas que conviven na arte urbana en Galicia cos trampatoxos estéticos donde xa se obviou a mensaxe primando a forma sobre o contido. Incluso xa pasamos a ver empresas específicas co fío destas iniciativas que se adican a "personalizar paredes", "pintado decorativo mural", poucas veces en base a un proxecto artístico de profesionais do muralismo adaptado a encargos públicos e privados (tanto en exteriores como en interior), a pesar de consolidarse como unha vía de saída laboral superando as iniciais trabas administrativas, os efectos da crise económica e o recelo (produto do descoñecemento e da súa proverbial identificación coas pintadas) de apostar por esta alternativa artística urbana.

O muralismo, tanto o estético/decorativo como o de crítica/mensaxe ten en común o seu destino público e aberto, visibilidade 100%. Veu a ficar nos espazos habitados como unha mostra artística, realizada en sopor-

3 Do muralismo a gran escala en fachadas de institucións museísticas de artesanía sinalamos a da artista polaca Nespoon no *museo da moda* e do encaixe francés en Calais.

Arte urbana da nosa contorna



tes controlados e ás veces infrautilizados ou degradados, que reviven con estas intervencións, afianzando e integrando a artistas que ata entón non se expresaran neste medio fronte aos nativos desta subcultura.

En relación con esta valorización e humanización do entorno tamén podemos mencionar outro movemento paralelo en contra dos espazos cheos de cemento e formigón, sen vida, grises, que busca un axeitado reacondicionamento das nosas cidades como un dereito estético e unha necesidade da cidadanía a prol de configurar un entorno de convivencia que favoreza as interrelacións persoais, e con dotacións de mobiliario urbano práctico e accesible, donde a arte urbana se integra perfectamente.

Outra característica importante da arte na rúa é que introduce a un abano máis amplo de creadores rompendo as clásicas barreiras dos artistas plásticos, donde houbo grandes muralistas galegos como Castelao, Lugrís, Colmeiro, Sobrino, Seoane, Laxeiro..., pero desde a ortodoxia dogmática da arte, con obras realizadas para espazos públicos visualizadas acotío e con temáticas variadas, pero en función do estilo da súa produción pictórica, é dicir, en clave distinta.

A arte urbana nace irreverente, polémica, inconformista, transversal, subversiva, reivindicativa, ilegal, pero acaba por reconvertirse nun movemento artístico, atípico pero incluso museable, primeiro en base ao concepto de galería aberta ou ao aire libre e logo pola incorporación a exposicións e aos fondos museísticos tradicionais, e, polo tanto, xa inserido no mercado da arte, na crítica e nos manuais académicos.

Non obstante, os seus principais abandeirados seguen a considerarse "artivistas" conxugando a ética social coa identidade netamente urbana. Esta institucionalización concorda coa creación en Berlín no ano 2017 do *primeiro museo de arte urbana do mundo* (por iniciativa de Yasha Young).

Que queda da reivindicación inicial?

A loita por crear espazos públicos humanizados ao tempo que se pon en dúbida o propio sistema é unha contradición?

A realización de encargos con temáticas concretas vía concurso ou vía financiación resta orixinalidade ao propio movemento?

Arte urbana da nosa contorna



Grafiti en Residencia Abeiro Gold. ©Concepto Circo

Creo que, arestora, un dos indicadores da consolidación da arte urbana é a existencia de museos adicados a ela que comezaron nas cidades europeas donde máis forza tivo: Ámsterdam e Berlín, ou en América[4]. Pero esto tamén podería considerarse unha mercantilización contraria aos seus principios da arte accesible e visible na rúa para a reflexión social.

Outro factor de confirmación ou ratificación é a concienciación da opinión pública con respecto a estas interaccións no espazo habitado que pode considerarse favorable ou hostil, pero aporta máis interese e rendabilidade sociocultural que outras bastante máis invasivas como a publicidade, o abandono e a ruína ou o denominado feísmo urbanístico.

Finalmente, outro atractivo que se consolida é a transcendencia da arte urbana como un "museo"[5] ao aire libre ou unha galería aberta, da que moitas cidades sacan partido turístico (Berlín, Ámsterdam, París, Madrid, Londres...) e dado o seu carácter global e efémero tamén se editan catálogos e se amosan traballos en galerías virtuais como a realizada polo artista británico Lord k2.

Para rematar con estos apuntamentos, citaremos na provincia de Lugo dous escenarios de arte urbana que se souberon canalizar e rendabilizar socialmente: Lugo e Burela.

En **Lugo** o concello patrocinou entre 2008 e 2016 o Certame internacional de graffiti, iniciativa de *Concepto Circo*[6] que reuniu a figuras internacionais que deixaron a súa pegada na antiga Frigsa (parque de skate).

No *Otro Prisma Fest* (2019) realizouse un mural conxunto de 100 m., (zona da Fonte dos Ranchos) e recentemente tivo lugar o festival de arte Culturban co *Espacio Lupa Arte*, organizado como un combate de pintura mural ao aire libre. Ademais promovéronse encargos públicos como o recente da avda. Fontiñas adicado ao himno galego e realizado tamén por Concepto Circo que rehabilitou un entorno concreto cun mural de tema cultural previo, pero plasmado con absoluta liberdade creativa.

Outros murais interesantes de iniciativa pública e privada son os realizados en paramentos urbanos ou fachadas de edificios como o adicado ao polvo na rúa Novo Freire, realizados por Otro Prisma[7], os situados preto da estación do tren (rúa Alta), na rúa Sargadelos (obra de Diego Anido), os proxectos de Trece Trazos e

4 Filadelfia e Nova York foron os berces dos grafitis, pero en Latinoamérica colleu moito pulo a arte urbana na súa parte máis combativa polas grandes diferencias socioeconómicas existentes e pola denuncia doutras situacións como a política, a corrupción, o medio ambiente, racismo, etc.

5 En sentido figurado xa que logo non queremos usar a palabra museo en van.

6 Empresa artística formada por grafiteiros lucenses e dirixida por Yoe 33 e Bure. Proxectos seus son tamén os espléndidos murais do Centro Maruja Mallo.

7 Neste caso trátase dunha Asociación de promoción da arte urbana e do grafiti, cuxos membros xa teñen realizadas varias intervencións na capital provincial: Casa da Música, CEIP Paradai, rúa Alta, con Diego As o mural de María Mariño...etc.

Arte urbana da nosa contorna



Mural tributo himno galego. ©Concepto Circo

Otro Prisma no barrio de Paradai, e moitos máis que reafirman o talento e a canteira local existente.

Neste punto hai que suliñar o traballo divulgativo de **Guido Álvarez Parga** na *promoción de rutas turísticas* ou *paseos guiados pola arte urbana lucense*.

O concello de **Burela** tamén organiza anualmente desde 2017 un Certame Internacional de Pintura Mural denominado Amarte pola súa vinculación co mundo do mar, coa finalidade de pintar na zona do peirao os proxectos presentados máis salientables en espazos acotados nos bloques de formigón que conforman o espigón do peirao. Coa derradeira edición realizada neste ano 2020 xa contan con 42 murais de diversos artistas. Os primeiros premios corresponderon sucesivamente a Marcos Pereira, Martín Cal, David Catá e Guillermo Paz e Diego Anido na edición deste ano.


En xeral, a existencia de polémica, cada vez menos, ao respecto de determinadas intervencións de arte urbana, non deixa de ser importante como debate e reflexión para unha sociedade sana que tenta evolucionar cara adiante nas súas manifestacións culturais.

HISTORIA

- **O CAMIÑO DE MAR, OU O PEREGRINAR POLA COSTA**
- **75 ANIVERSARIO DO NAUFRAXIO DO PESQUEIRO “JESÚS NAZARENO”**



O camiño de mar, ou o peregrinar pola costa



Oficialmente, ou Camiño do Norte percorre toda a costa cantábrica en dirección Leste-Oeste ata Ribadeo, desde onde continúa cara ao interior ata Santiago de Compostela. Non obstante, grazas ao traballo de estudo e investigación dalgúns historiadores como Juan Ramón Fernández Pacios, descubrimos que vos peregrinos podían escoller entre dúas formas de chegar a Santiago; un roteiro máis longo que bordea a costa galega ata Ferrol, onde uníase ao coñecido Camiño Inglés, e un segundo roteiro polo interior, atravesando Lourenzá, Mondoñedo, Vilalba e Sobrado para chegar á capital galega.

Ao longo do seguinte artigo Juan Ramón Fernández Pacios documenta e explica a existencia do roteiro de peregrinación costeira, coñecida como **Camiño de Mar**, unha bifurcación do Camiño Norte que os peregrinos percorrían desde Ribadeo ata Ferrol, pasando polos concellos costeiros de Lugo e Coruñeses a Santiago.

O camiño de mar, ou o peregrinar pola costa

Autor:
JUAN RAMÓN FERNÁNDEZ PACIOS



A principios dos anos 90, nunha inmersión polos fondos documentais conservados no *Arquivo Diocesano de Mondoñedo*, démonos de fronte cun dos tres libros de fábrica do hospital de pobres e peregrinos que existira en San Martiño de Mondoñedo. Un primeiro traballo sobre este centro benéfico deu como lugar un estudo máis pormenorizado tanto deste centro como dos outros hospitais de peregrinos da Mariña e das rutas que os comunicaban.

Froito deses estudos é o **Camiño de Mar**, unha ruta de peregrinación xacobea que, a pesar de non estar recoñecida oficialmente, non carece da documentación necesaria para acreditala.

Para que un camiño comercial ou tránsito se converta nun camiño de peregrinación debe, primeiro, demostrar a existencia dun camiño físico histórico de logo percorrido, que na documentación empregada apareza como "camiño francés".

Así mesmo, debe demostrar a aparición entorno a este "camiño francés" dunha rede hospitalaria, tanto pública como privada, tanto eclesiástica como municipal. E, finalmente, debe demostrarse o paso continuado ao longo de tempo de peregrinos por el.

Ao longo deste artigo veremos como o Camiño de Mar reúne a tres características citadas pero, antes, explicaremos que é o Camiño de Mar, un camino físico que vai pegado á costa lucense e coruñesa, poñendo en comunicación importantes ciudades e portos. No noso caso, na provincia de Lugo unía os portos de Ribadeo e Viveiro.

Non obstante, esta simple definición quedase pequeña xa que o Camiño de Mar é a continuación dese camiño costeiro que percorre toda a cornica cantábrica ata Ribadeo, onde bifurca, un ramal vai polo interior e outro continúa pegado á costa ata chegar a Viveiro, onde tamén bifurca. O ramal costeiro continúa a carón de todo a costa coruñesa ata chegar a Neda e fusionarse co Camiño Inglés ata rematar en Santiago."

A RUTA FÍSICA DO CAMIÑO DE MAR

Dende cando existía esta ruta? Se ben non temos datos documentais anteriores ao século XV, podemos afirmar, con toda seguridade, que o camiño físico de unión xa mencionado databa da época romana.

No ano 2004 saía á luz o libro titulado *Miliarios e outras inscricións viarias romanas do noroeste hispánico*, editado polo Consello da Cultura Galega. A novidade que aportaba era que planteaba, coido que por primeira vez, a existencia dunha romana costeira.

Nas pescudas realizadas comprobaron que apareceran na Mariña de Lugo dúas aras dedicadas a deuses dos camiños, feito que lles fai pensar na existencia" *des, por outra parte lóxica, vía costeira atlántica, que se pro-*

O camiño de mar, ou o peregrinar pola costa

longaría, por una parte, ata Brigantium (A Coruña) e, por outra, cara a Cigia (Xixón). Correspondería, máis ou menos, a un anaco da que o Anónimo de Rávena dá como existente entre Are Auguste e Ossaron, ó longo da costa cantábrica".[1]

Exemplos da **presenza romana** nesta ruta témolos na zona da *Espiñeira* (tanto na do concello de Barreiros como na do de Foz) onde aínda se conservan as pegadas das explotacións mineiras auríferas a ceo aberto, na domus romana de *Burela*, escavada parcialmente, no castro da *punta da Atalia* de San Cibrao (Cervo) ou na vila romana de *Area* (Viveiro) entre outros. Esta mesma presenza romana na costa está constatada tamén na provincia da Coruña.

Sobre estas vellas estradas romanas nacen os camiños alto medievais que poñen en unión o porto ribadense co viveirense e coa Sé episcopal. Así como no século XIII Ribadeo e Viveiro estaban unidos, por estradas de longo percorrido, coa Sé episcopal de Mondoñedo, anteriormente tamén estaban unidos coa Sé episcopal de San Martiño de Mondoñedo (864-1117). O traslado da Sé de San Martiño ata o actual Mondoñedo variou o sistema viario mariñán, pero non acabou co sistema anterior, que seguiu vixente ao longo dos anos.

Para documentar o camiño histórico, tal como temos dito, debemos de buscar **referencias documentais** de "*camiño francés*", pero este é un termo demasiado abundante no XVI, xa que por aquela era sinónimo de "*camiño real*". Por iso debemos de buscar tan só os camiños franceses que sinalen o seu nacemento ou o seu remate.

A documentación relativa a este camiño físico está espallada en varios volumes de apeos de bens da catedral de Mondoñedo do século XVI, que se conservan no Arquivo Histórico Diocesano de Mondoñedo[2] (consulta presencial) e no Arquivo Histórico Nacional[3] (consulta online). A súa consulta aportaranos os seguintes datos:

Á saída de Ribadeo, no terreo coñecido como *O Vilar* (actualmente polígono industrial) había unha finca coñecida como *O Feal*, que limitaba "*de la una parte en el camino Real de Vilar que va de Ribadeo para la puente de la Espiñeira e de la otra parte de arriba en la antigua publica Real que va de Ribadeo para Lorenzana*". Nesta finca divídese o camiño que **sae de Ribadeo**, por unha parte vai ata Lourenzá(actual Camiño Norte) e por outra vai **ata a ponte da Espiñeira**[4] (Camiño de Mar).

Nun documento de 1419 o camiño que une Ribadeo coa citada ponte aparece definido na parroquia de San Cosme de Barreiros como "*se departe da huna parte do Rego de Escotajugos et da outra parte do carreyro que ven de Ribadeu para a ponte da Espineyra*". Xa no XVI desaparece o termo carreiro e constátase o de camiño francés.

Este termo atopámolo nas parroquias de San Xoán de Piñeira, na veiga de Vilafreita "*donde dizen campo de Jalfrea… linda de la una parte en la antigua publica Real que va de Ribadeu par al puente de la Espineira*". En Santiago de Reinante, nas fincas de Os Vilares e Candorca. Na de San Miguel de Reinante, no Casal de Yte, "*testa por la parte del mediodia con el camino real que viene de Ribadeo para la puente de la Espiñeira*". Na de San Cosme de Barreiros, na veiga das Lóngaras a fonte de Saa, que limitaba "*de la parte de arriva en el camino publico frances, que va de la puente da Espiñeira para Rivadeo*".

Unha vez cruzada a ponte atopámonos este mesmo camiño que vimos seguindo nas veigas de Pereiriñas, de Cortiñas, de Freixoeiro e nos lugares de Mexabor e Vilabor, todos na parroquia de **Vilaronte** e desta ata a veciña de **San Martiño de Mondoñedo**.

1 Rodríguez Colmenero, A.; Ferrer Sierra, S. e Álvarez Asorey, R. (2004): Miliarios e outrs inscricións viarias romanas do noroeste hispánico. Santiago: Consello da Cultura Galega, p. 723.

2 Apeos de bens: de San Martiño de Mondoñedo, 1540 (Armario 3, nº 13); de Reinante, 1582 (Armario 3, nº 19); de Barreiros, 1589 (Armario 3, nº 18); da dignidade episcopal, 1596 (Armario 3, nº 11);

3 Arquivo Histórico Nacional. Consultable en pares.mcu.es: Libro 1 de San Salvador de Lourenzá(Tumbo foral do mosteiro); Libro 16 de San Salvador de Lourenzá (1527-1536); Libro 73 de San Salvador de Lourenzá (1737-1738).

4 A existencia física dunha ponte no lugar da Espiñeira está documentada dende o ano 1395 ata 1741, data na que se menciona a existencia dunha barca para cruzar o río Masma. A barca estivo en funcionamento dende 1740 ata 1868, ano da construcción da antiga ponte da Espiñeira.

O camiño de mar, ou o peregrinar pola costa

Desta última saían varios camiños. De todos iles interésanos o que ía directamente ata a **ponte medieval de Fazouro**, onde estaba o lugar de Vilarmea "*enno lugar de Vilarmea onde dizen a Hermida, como se departe da huna parte do camino françes que sal do couto de San Martinno et vay para a ponte e Façouro*"; tamén o que saía de San Martiño e percorría os lugares de Vilacendoi, Ver, Cainzal e chegaba ata Porto e o **monte** coñecido como **A Granda**, no lugar da Corredoira.

No apeo de 1540 xa se nomea esta vía "*et yba por el camino françes para Porto et que asi se parte de segun va el camino al lugar de Porto se va por el dicho camino françes del soto de Boymença e se pasa por la oma de la presa del molino dos novees et se va por el camino a Caynzal et por el camino que biene de Villa Cendoy et va para Manente*". No monte da Granda, o cabido diocesano tiña unha finca que, en 1596, limitaba "*en camino françes que va para Ribadeo*", logo era o mesmo que estamos a seguir.

Na parroquia da **Fazouro** hai referencias a este camiño nos lugares do Requeixo e Pacio de Souto e na Veiga das Cadras. Na de San Xiao de Nois atopámolo na Veiga do Candín, que lindaba "*con el camino françes que de Ribadeo viene a Vivero*"; o lugar da Mallada, que "*lindaba con el camino de Vivero a Ribadeo*" e o lugar da Cruz do Barreiro "*de otra parte en el camino franzes que viene de Fazouro e ba para San Pedro de Cangas*".

Na parroquia de San Pedro de Cangas, a carón da ponte de Alemparte, hai varias fincas que lindan co "*camino françes que de Vivero va a Ribadeo*". En **Burela** a finca nomeada Pena Verdil linda "*en el camino françes que sale de la aldea de Burela y va para Vivero*". En Cervo está presente a carón das Chousas da Corredoira e da Pena da Arca, así como a carón da igrexa parroquial.

En **San Cibrao** a fonte da Pedrosa lindaba no "*camino que venia de Ribadeo a San Ciprian y seguia a lo longo de las Lagoas que stan cabo del pazo de Pedrosa*". En Xove vémolo a carón do Rego Sangoento, onde varias fincas lindan co "*camino franzes que ba para Bibero*".

En **viveiro**, tal e como temos dito o camiño bifurcaba. Da vila do Landro sae un camiño ata Mondoñedo e que en 1546 era coñecido como "camino de los puertos de Castilla", pois era o empregado polos maragatos que comerciaban en peixe salgado; outro ía ata Vilalba onde se uniría ao Camiño Norte e un terceiro, que é o que nos interesa, segue pola costa, empregando para cruzar a ría a **ponte da Misericordia**.

O arranxo desta ponte foi unha constante preocupación para a vila do Landro. En 1687 o concello solicitáballe á Corte unha partida económica para arranxar a ponte, pois en caso de non facelo "*redundaria en perjuicio de los pasajeros y trajineros, por ser como era paso real dicha puente para las villas de Ribadeo, ciudades de la Coruña, Lugo y Mondoñedo y para las Asturias y otras partes*"[5].

Neste documento non hai referencia algunha ao paso de peregrinos por esta vila, que é o que nos interesa, pero, non era a primeira vez que se pedían cartos para o arranxo desta ponte. O 7 de xuño de 1461 os dominicos de Viveiro solicitaban ao Papa Pío II a concesión de dez anos de indulxencias para todos os que colaborasen economicamente no arranxo desta ponte, que daba servizo aos veciños da vila, aos veciños de vilas próximas e "*et por ipsum de diversis mundi partibus limina Santi Iacobi, apostoli glorioso visitantes asidue transire*" (e tamén aos que de diversas partes do mundo visitan a casa do glorioso apóstolo Santiago)[6]. Incontestable afirmación do paso de peregrinos por Viveiro.

O trazado desta vía pola **provincia da Coruña** está estudado polo profesor Xosé Carlos Breixo Rodríguez[7], para non estendernos en demasía tan só diremos que a ruta que imos seguindo percorre os concellos de Mañón, Ortigueira, Cedeira e Valdoviño.

5 Donapetry Ibarnegaray, Juan (1991): Historia de Vivero y su concejo, Lugo: Deputación de Lugo, p. 185.

6 *Ruiz de Loizaga, Saturnino* (2008): <<Puentes y hospitales en el Camino de Santiago en el noroeste peninsular (S. XIV – XV)>>, Compostellanum, 53, 347-374.

7 Breixo Rodríguez, Xosé Carlos (2010): <<O camiño francés ó seu paso polas vilas de Neda, As Pontes e Santa Marta de Ortigueira>>, *Hume Historia: revista de estudos históricos locais*, 3, 35-55;

O camiño de mar, ou o peregrinar pola costa

A REDE HOSPITALARIA DO CAMIÑO DE MAR

Unha vez resolta a primeira das cuestións, demostrar a existencia dun camiño físico debemos de abordar o tema da beneficencia xacobea nesta ruta.

A hospitalidade que se atopaba o peregrinos, máis tamén os pobres e transeúntes, era pública (eclesiástica ou seglar) e **privada**.


AÑO X.—Núm. 1.986

PRECIOS DE SUSCRIPCIÓN

Lugo, un mes. . . . . 1 ptas.
Fuera un trimestre. . . . . 4 »
Idem, un año. . . . . 16 »
Ultramar extranjero, un trimestre 9 »

5 céntimos, atrasado 25

EL PROGRESO

El Progreso

DIARIO POLITICO Y DE INFORMACION

COLEGIO BALMES

SAN PEDRO, 13

La vida en Lugo y en todas partes

Apunteshistóricos

FILÁNTROPOS GALLEGOS

D. Pablo Nicolás de Pazos

D. Eugenio Montero-Ríos y Villegas, ministro del Tribunal Supremo de Cuentas (que ha fallecido en Madrid)

UN ESPACIO A VERSOS

LIENZOS

I

LA BAHÍA

II

LA RIBERA

III

EL HORIZONTE

La reyerta de Lousadela

EL HECHO

POR ESAS CALLES

EN LÁNCARA

Una salvajada

De Mondoñedo

Mr. Painleve, presidente del nuevo Gobierno francés

DE SOCIEDAD

PRÓXIMAS BODAS

Esta última é moi difícil de constatar pois non xera documentación. Nalgunhas partidas de defuncións de peregrinos aparecen referencias a que falece en casa de tal ou cal veciño, descoñecemos si iso quere dicir que foi acollido ou ben que a morte o sorprende nese lugar.

Sobresae nesta carencia documental o caso do cóengo mindoniense don Nicolau Pazos Iglesias, veciño de Mogor (Mañón), o que no seu testamento (16 de marzo de 1784) estipulaba que todos os seus bens se vendesen e que o recadado se empregase na construción dunha casa "*con la comodidad posible que sirva de Hospicio de Peregrinos pasajeros y Hospital de enfermos y impedidos*". En caso, probable, de que os cartos recadados non chegasen para cumprir o seu desexo, ordeaba que se lle entregasen a Brais Triguero, cuñado seu, coa carga de que hospedase na súa casa "*como ya lo hace y hicieron sus antepasados a pobres peregrinos y pasajeros*"[8].

Aparte da privada, o peregrino e o pobre necesitado, contaba cunha nutrida **rede asistencial pública**, formada por hospitais, igrexas e mosteiros.

Os peregrinos atopaban hospitalidade pública nos distintos conventos existentes entorno a ela (2 en Ribadeo, 1 en San Martiño e 3 en Viveiro) e nos hospitais que foron aparecendo entorno ao Camiño de Mar.

No norte da provincia de Lugo, sendo Vilalba o punto máis ao sur, chegaron a existir 11 centros hospitalarios, dos que cinco están no Camiño Norte, catro no Camiñ ode Mar e dous no Valadouro: un en Ferreira e outro na parroquia de San Pedro de Mor (Alfoz).

Dos nove hospitais restantes, dous teñen a advocación de San Sebastián (Ribadeo e San Martiño), dous a de Santiago (Lourenzá e Viveiro), dous a de San André (Arante e Lieiro) e o resto divídese entre San Paulo de Mondoñedo, Santa Catarina de Vilalba e Santa Ana na parroquia de Celeiro.

8 Lence Santar, Eduardo (1917): <<Filátropos Gallegos: D. Pablo Nicolás de Pazos>>, El Progreso, 14 de setembro de 1917.

O camiño de mar, ou o peregrinar pola costa

NO CATASTRO DO MARQUÉS DE LA ENSENADA, LEVADO A CABO EN 1752, OS VECIÑOS REFERENCIAN OS SEGUINTES HOSPITAIS:

RIBADEO:
"no ay mas hospital que el de San Sevastian sito junto al campo de San Francisco y calle nombrada de el hospital, que sirve para el ospedaje de Peregrinos y su curación".

ARANTE:
"ai una casa de Hospital que sirve para dar posada a los peregrinos al sitio de la Puente".

LOURENZÁ:
"con la advocación de Santiago para dar posada a los Peregrinos".

MONDOÑEDO:
"uno de ellos sirve para peregrinos y curar enfermos pobres, que es con la advocación de San Pablo".

VILALBA:
"*ay un hospital con la advocación Santa Catalina*".

Mentres que para os hospitais de Camiño do Mar responden o seguinte:

SAN MARTIÑO MONDOÑEDO:
"ai un hospital con la vocazion de San Sevastian para dar posada a los Peregrinos".

LIEIRO:
"ai un hospital su adbocacion San Andres que fundo el Vachiller don Andres Varela cura que ha sido de esta feligresia que sirve para pasaxeros y peregrinos".

CELEIRO:
"ai un hospital de pobres".

VIVEIRO:
"ai dos hospitales uno de ellos de pobres de todo jenero".

SAN CLODIO:
"hai una casa destinada para hospital de peregrinos con dos camas".

ORTIGUEIRA:
"hai dos hospitales uno de San Roque para hospedar los pobres y los peregrinos".

CEDEIRA:
"hai una sola casa que sirve de hospital con dos camas, fundacion de un deboto".

SAN SADORNIÑO:
"ay un hospital del que hes patrono el expresado marques de San Saturnino, dotado con tres camas para los pobres enfermos y peregrinos con la obligacion de subministrarles el alimento".



Como podemos ver todos eles, os radicados no Camiño Norte como os que están no Camiño de Mar recollen, entre os seus beneficiarios, aos pobres e aos peregrinos.

OS PEREGRINOS

Unha vez demostradas as dúas primeiras premisas quédanos por demostrar o paso continuado de peregrinos por esta ruta, pois, sen esta derradeira premisa cumprida, non se pode afirmar a existencia dun camiño de peregrinación.

Para buscar peregrinos debemos de consultar os libros de defunción das parroquias por onde transcorre esta vía, así mesmo hai que revisar os libros de fábrica dos distintos hospitais que a carón dela naceron.

Froito da consulta desta documentación é a lista de peregrinos que axuntamos e demostra, claramente, o paso continuado, se ben non nun número excesivo, de peregrinos ao longo do tempo.

Listado peregrinos

O camiño de mar, ou o peregrinar pola costa

O CAMIÑO DE MAR NA REDE

Esta nova ruta de peregrinación, a pesar de non estar recoñecida oficialmente non é unha descoñecida na rede. Son varias as páxinas onde se recolle a súa historia, o seu patrimonio e se divulga a ruta.

VÍDEO DO CAMIÑO DE MAR

Se ben este Camiño e a Ruta do Cantábrico comparten espazo, solapándose nalgúns puntos, son completamente distintas. Neste vídeo, confunden ambas rutas.

LIBROS SOBRE O CAMIÑO DE MAR

Para un mellor coñecemento desta ruta deberíamos consultar as seguintes obras:

Fernández Pacios, Juan Ramón(2011):<< Unha nova vía de peregrinación: O Camiño do Mar. Estudo do tramo Ribadeo-Viveiro>>, *Adlimina*, 2, 57-85.

Fernández Pacios, Juan Ramón (2011): *Camiño do Mar*, Lugo, Deputación de Lugo.

Adrán Goás, Carlos (2007): <<El Hospital de pobres y peregrinos de Santa Ana de Celeiro>>, *Rudesindus*, 1, 71- 104.

Fernández Villalba, José Isidro: <<Hospital de San Andrés de San Ciprián>>, *Rudesindus*,1-55.

A nivel divulgativo está a obra de Dave Whitson

PAXINAS WEB DO CAMIÑO DE MAR

DOCUMENTA TODA A RUTA

CAMIÑO DE MAR EN ASTURIAS

ESCAPADAS PROGRAMADAS POR AXENCIA DE VIAXES

O camiño de mar, ou o peregrinar pola costa

RELACIÓN DE PEREGRINOS QUE TRANSITARON POLO CAMIÑO DE MAR

ANO	MES	DIA	NOME E APELIDOS	REFERENCIA	CIDADE	PAÍS	Morto en	Nº	Volta
1492			Martiz, bispo	Ribadeo		Armenia		1	
1538			Bartolomeu Fontana	Ribadeo		Italia		1	Ida
1564			Dous mouros de Al-andalus	Ribadeo		Descoñecido	Ribadeo	2	Ida
1591			Un peregrino enfermo	Ribadeo		Descoñecido		1	
1622	4	30	Un peregrino	Burela	Gascuña	Francia		1	
1629			Un peregrino	Foz		Francia		1	
1639			Dous peregrinos	Ribadeo		Descoñecido		2	
1650			Dous peregrinos enfermos	San Martiño		Descoñecido		1	
1653			Un pobre peregrino	San Martiño		Descoñecido		1	
1654			Un pobre peregrino	San Martiño		Descoñecido		1	
1654			Dous peregrinos enfermos	San Martiño		Descoñecido		2	
1656			Dous peregrinos	San Martiño		Descoñecido		2	
1658			Varios peregrinos enfermos	San Martiño		Descoñecido		5	
1659	4	15	Juan Gari	Ortigueira		Francia		1	
1665			Varios peregrinos enfermos	San Martiño		Descoñecido		5	
1670			Dous peregrinos	San Martiño		Descoñecido	San Martiño	2	
1673			Dous peregrinos enfermos	San Martiño		Descoñecido		2	
1682			Moitos peregrinos enfermos	San Martiño		Descoñecido		10	
1685	3	4	Pedro de Crog	San Martiño		Francia	San Martiño	1	
1685	6	23	Miguel Gay	Cangas. Foz	Narbona	Francia	Cangas	1	
1687			Donaldo Dolan	Ribadeo	Salerno	Italia		1	
1688			Varios peregrinos	San Martiño		Descoñecido		5	
1691			Gabriel Mellan	Ribadeo	Saboia	Francia		1	
1692			Un sacerdote peregrino	Celeiro		Descoñecido		1	
1696	2		Carlos Garson	Ribadeo		Flandres		1	
1696	8		Pedro Garlín	Ribadeo		Italia		1	
1697	1		Angel Ayron	Ribadeo		Flandres		1	
1698			Sebastian Gate	Ribadeo	Sicilia	Italia	Ribadeo	1	Ida
1698			Varios peregrinos	Celeiro		Descoñecido		5	
1698			Francisco Gaviarde	Ribadeo	Sicilia	Italia	Ribadeo	1	Ida

O camiño de mar, ou o peregrinar pola costa

RELACIÓN DE PEREGRINOS QUE TRANSITARON POLO CAMIÑO DE MAR

ANO	MES	DIA	NOME E APELIDOS	REFERENCIA	CIDADE	PAÍS	Morto en	N°	Volta
1698	7	10	Gonzalo de Croque	San Martiño		Francia	San Martiño	1	
1698	10	29	Francisco Rau	Fazouro. Foz	Lyon	Francia	Fazouro	2	
1699	4	16	Antonio Bourllie	Cangas. Foz	Carmause.	Francia	Cangas	1	
1700			Varios peregrinos	San Martiño		Descoñecido		5	
1701			Varios peregrinos	Celeiro		Descoñecido		5	
1704			Algúns peregrinos	Celeiro		Descoñecido		3	
1708			Algúns peregrinos	Celeiro		Descoñecido		3	
1710	3	15	Clodio	Fazouro. Foz	Gante	Bélxica	Fazouro	1	
1711	5	24	Unha peregrina	San Clodio	Biscaia	España		1	
1714	11	18	George Chavalier	San Martiño		Francia	San Martiño	1	
1715	10	27	Pedro González	Covas. Viveiro		Italia	Covas	1	
1722			Un peregrino	Celeiro		Descoñecido		1	
1728			Varios peregrinos	Cedeira		Alemaña		5	
1728	8	23	Juan Lauxer	Ribadeo	Besan	Francia	Ribadeo	1	
1729	2	3	Guillermo Le Fevre	Covas. Viveiro		Flandres	Covas	1	
1729	4	23	Juan Carpintter	Cedeira		Alemaña	Cedeira	1	
1729	11	6	Joseph Roca Pelaire	Vicedo	Alcover. Tarragona	España	Vicedo	1	
1729	11	6	Marcos Clauce	Vicedo	Alcover. Tarragona	España		1	
1730	4	27	Juan Testal	Ribadeo	Auvernia	Francia	Ribadeo	1	
1733	1	28	Guillermo Hervi	Ribadeo	Artesia	Flandes	Ribadeo	2	
1733	4	20	Adolfo Choch	San Martiño	Sieber	Alemaña	San Martiño	1	Volta
1733	6	6	Jacobe	Nois. Foz		Francia	Nois	1	
1735			Un peregrino	Celeiro.Viveiro		Descoñecido		1	
1736			Varios enfermos estranxeiros	Celeiro. Viveiro		Descoñecido		3	
1738	2	7	Andrés Cueva	San Clodio	Aldito	España	San Clodio	1	
1738	3	5	Antonio Alos	Ribadeo	Bayporta. Valencia	España	Ribadeo	1	
1738	5	9		Vilaronte	Barbastro. Huesca	España	Vilaronte	1	
1738	12	24	Carlos Lorenzo Mansin	Ribadeo	Roma	Italia	Ribadeo	1	
1739	3	13	Guillermo Laiheiche	Reinante, S.M.		Francia	Reinante, S.M.	1	Volta
1739			Varios peregrinos	San Martiño		Descoñecida		5	

O camiño de mar, ou o peregrinar pola costa

RELACIÓN DE PEREGRINOS QUE TRANSITARON POLO CAMIÑO DE MAR

ANO	MES	DIA	NOME E APELIDOS	REFERENCIA	CIDADE	PAÍS	Morto en	N°	Volta
1739	2	5	Santiago	Lieiro. Cervo		Alemaña	Lieiro	1	
1739	6	19	Pedro Ruil	Lieiro. Cervo		Francia	Lieiro	1	
1739	11	17	Juan de Maine	Vilaronte	Aragón	España	Vilaronte	1	
1740	11	4	Luis de Saint Just	Vilaronte			Vilaronte	1	
1741	4	27	Tehodoro Suizer	Ribadeo	Groma	Flandres	Ribadeo	1	Ida
1741	4	27	Jacob Bulan	Ribadeo	Picardía	Francia	Ribadeo	1	Ida
1742	2	28	Catalina Rodríguez	San Martiño		Alemaña	San Martiño	4	Volta
1742	4	2	Juan Antonio Ros	Ribadeo	Sicilia	Italia	Ribadeo	1	Volta
1743	6	20	María Magdalena	Ribadeo	Toscana	Italia	Ribadeo	1	
1743			Vicente Resner	Ribadeo	Marn	Alemaña	Ribadeo	1	
1749	7	17	Pedro de la Cruz	Ribadeo	Neully	Francia	Ribadeo	1	
1751	2	11	Conrado Gaspar	San Martiño		Alemaña	San Martiño	1	Volta
1751	2	11	Fregel, Margarita	San Martiño		Alemaña		1	Volta
1751	3	12	Juan Claudio Joand	Ribadeo	Lyon	Francia	Ribadeo	1	Ida
1751	3	17	Juan Auben Gallu	Ribadeo	Baiona	Francia	Ribadeo	1	Ida
1751	3	22	Juan Antonio Martínez	San Martiño	Salamanca	España	San Martiño	1	Volta
1751	3	22	María de la Iglesia	San Martiño	Salamanca	España		1	Volta
1751	10	2	Nicolás de Cubeles	Ribadeo	Zaragoza	España	Ribadeo	1	Volta
1757			Varios peregrinos	San Martiño		Descoñecido		5	Ida
1752	5	31	Simón Budín	Ribadeo	Rulen	Francia	Ribadeo	1	
1757			Peregrino	San Martiño		Irlanda		1	
1757			Peregrina	San Martiño		Flandres		1	
1759			Pobre estranxeira	San Martiño		Descoñecido		1	
1759	3	12	Juan Pompeyo Paz y Cilio	San Martiño		Malta	San Martiño	1	Volta
1760			Un pobre estranxeiro	Celeiro		Descoñecido		1	
1760	2	24	Juan Baptista Zesbi	Ribadeo	Génova	Italia	Ribadeo	1	
1761			Pobre estranxeiro	San Martiño		Descoñecido		1	
1761	12	7	Esteban Moreau	San Martiño	Nerac. Montovar	Francia	San Martiño	1	Volta
1761	5	22	Jorge Guerra	Ribadeo	Venecia	Italia	Ribadeo	1	
1763			Dous peregrinos	San Martiño		Descoñecido		2	

O camiño de mar, ou o peregrinar pola costa

RELACIÓN DE PEREGRINOS QUE TRANSITARON POLO CAMIÑO DE MAR

ANO	MES	DIA	NOME E APELIDOS	REFERENCIA	CIDADE	PAÍS	Morto en	Nº	Volta
1764	2	4	Ignacio Testa	Ribadeo	Nápoles	Italia	Ribadeo	1	
1764	4	10	Fidelio Kyni	Ribadeo	Basilea	Suiza	Ribadeo	1	
1764	6	4	Pedro de la Bat	Ribadeo	Bastida de Clerecía	Francia	Ribadeo	1	
1764	12	24	Antonio Rossi	San Martiño		Francia	San Martiño	1	Volta
1765	1	10	Juan Jacobo Liechetendhi	Xove		Alemaña	Xove	1	Volta.
1765	2	23	Fernando Valdés Menéndez	Ribadeo	Tineo. Asturias	España	Ribadeo	1	
1765	2	25	Joseph Valter	Ribadeo		Alemaña	Ribadeo	1	
1765	5	19	Juan Baptista	Ribadeo	Lyon	Francia	Ribadeo	1	Ida
1765	5	23	Jacobo Basset	Ribadeo	París	Francia	Ribadeo	1	
1765	6	8	Pedro Ríos	Ribadeo	Barcelona	España	Ribadeo	1	
1765	6	19	Manuela Romeu	Ribadeo	Santiago Compostela	España		1	
1765	7	13	Juan Sáenz Ruiz	Ribadeo	Calahorra	España	Ribadeo	1	
1765	8	9	Juan Gaziepuy	Ribadeo	Marignac. Guienne	Francia	Ribadeo	1	
1768	9	23	Bertran	Ribadeo	Bordeaux	Francia	Ribadeo	1	
1768	9	28	Juan Jorge Tiseka	Cedeira	Bohemia	Rep. Checa	Cedeira	1	
1775	3	14	Francisco Mouchet	Viveiro		Francia		1	
1782			Un peregrino	San Martiño		Descoñecido		1	
1791	4	14	Floro Fromager	Ortigueira		Francia	Ortigueira	1	
1792	8	3	Luisa Du Ror	Ribadeo		Francia	Ribadeo	1	Ida
1804	10	21	José Granda, ía coa súa dona	San Martiño	Nembroz. Asturias	España	San Martiño	2	Volta
							TOTAL	174	

75 ANOS NAUFRAXIO

Pesqueiro Jesús Nazareno



75 ANIVERSARIO

Naufraxio do pesqueiro Jesús Nazareno

Autor:
XESÚS DO BREOGÁN



Corría o ano de 1945. Doce mariñeiros de Foz, saen á pesca do bonito. O barco chamado Jesús Nazareno pon rumbo ao norte, rumbo ao mar Cantábrico. Atrás queda Foz, o seu porto base. A partir do mediodía comeza o mar a poñerse bravo, pero o Jesús Nazareno está a seis horas da costa. Procuran escapar do temporal que cada vez vai a máis e ata chegar a galerna. Poñen motor e vela para chegar canto antes a terra, pero o impulso do barco en vez de subir a onda que lles ben, atravésaa e xa non volve á superficie.

Tanto o barco como os mariñeiros vanse a pique. Os mariñeiros resgardados no camarote non poden saír e sérvelles de tumba. Doce homes mortos, cinco deles, membros dunha mesma familia. A maior traxedia da historia de Foz que nos marcaría de por vida.

O pesqueiro Jesús Nazareno foi construído nos estaleiros Artime-Gutiérrez (El Dique de Luanco en Asturias). Os planos foron feitos polo mestre carpinteiro de ribeira José Ramón Gutiérrez González, propietario do estaleiro. O barco foi encargado en 1933 e botado en 1935.

Era un tipo de embarcación moi propia do Cantábrico dos anos 30 e 40 do pasado século XX. Tiña 13 metros de eslora, 2,50 metros de manga e 1,30 de puntal. A propietaria sería María Pérez Marful, nai do patrón Ramón Fraga Pérez, que a matricularía co nome de Jesús Nazareno.

O Jesús Nazareno tivo varias reformas na súa historia. Nun principio o pesqueiro non levaba motor, era a remo e vela. Tempo despois, quixeron poñerlle motor a gasolina, polo que tiveron que darlle algo de máis calado a popa para incorporarlle unha pequena hélice. Despois aumentóuselle maga e puntal para poñerlle a cuberta e finalmente a caseta de goberno que se lle puxo máis tarde.

Ao final levaba tamén dous camarotes, un a proa e outro a popa e unha pequena adega para o peixe o cal antes ía tirado na cuberta.

75 ANIVERSARIO

Naufraxio do pesqueiro Jesús Nazareno

SAÍDA AO MAR E NAUFRAXIO

Era luns, día **16 de xullo** de 1945. Os mariñeiros de Foz celebran a festividade da Virxe do Carme, a súa patroa. Daquela a procesión da Virxe do Carme facíase por mar cando a marea o permitía. Os mariñeiros do pesqueiro Jesús Nazareno póñense de acordo e falan co cura para pedirlle permiso e levar nesa procesión a imaxe de Xesús de Nazaret por ser ese o nome do seu barco.

Permiso concedido e sacan a Xesús de Nazaret en procesión, da igrexa ao barco a ombros e despois da procesión por mar, de volta á igrexa tamén a ombros.

Ramón, o patrón quer saír ao mar ó día seguinte das festas, pero os mariñeiros que son supersticiosos, róganlle de non saír ata o día seguinte, día 18, pois o día 17 de xullo, resultaba ser martes, e por iso de "martes non te cases nin te embarques", o patrón acepta a petición dos seus mariñeiros.

O día **18 de xullo** mércores, están case todos os mariñeiros do Jesús Nazareno no peirao, dispostos a saír ao mar. Eran 14 homes, pero dous non irían a esa costeira, un porque encontrou traballo nunha canteira, posiblemente a canteira de onde se extraeu a pedra para a construción das Casas Baratas, ditas canteiras que eran dúas, unha estaba en Rego de Foz, onde hoxe está o edificio Costa Blanca e a outra, estaba no barrio de Porto, a poucos metros da capela de San Brais en Vilaxoane. E o outro mariñeiro, porque encontrou traballo nas obras do ferrocarril da Costa.

Cabe destacar, que un dos mariñeiros que esperaba con impaciencia a saída do barco no peirao, era José Ramón López Fraga, máis coñecido por "Minés", é o benxamín dos doce mariñeiros, ten tan só quince anos e o verán anterior, foi o campión de natación no peirao de Foz, concurso celebrado co gallo das festas patronais.

A familia de "Minés" non está moi convencida de que o seu fillo vaia ao mar tan neno, pero el insiste en que así terá uns cartos para poder gastar nas festas patronais de San Lourenzo e ao tempo, podería estrear un traxe de mahón que todo ilusionado quería encargar. Á primeira hora do amencer, o Jesús Nazareno cos doce homes a bordo faise ao mar.

Era a unha da tarde. Máis ou menos a seis horas da costa hai mar de vento, pero aínda non chega a ser grosa. O Jesús Nazareno deixa detrás de si a outros dous barcos, o Carmen e o Santa María, dous barcos tamén de Foz. Ramón, o patrón, ten gran experiencia no mar desde a súa infancia e observa que o mar se vai poñendo bravo e cada vez peor a pesar de estar en pleno verán. Mellor dar a volta pensa, e o Jesús Nazareno pon proa a terra. Pero xa é tarde, están collidos no medio e medio dunha impresionante galerna.

O Jesús Nazareno intenta forzar a marcha para chegar canto antes á costa e poñen motor e vela, esta para que lle axude ao motor a avanzar máis rápido. Pero aí está o peor, as boniteiras ou "varas", como habitualmente se lles chama en Foz, afúndense na auga e o barco perde toda a súa estabilidade. En cuestión de segundos, o mar traga barco e homes que posiblemente vaian agachados nos camarotes, fuxindo da auga da choiva e dos golpes de mar, todos menos un, Legionario, que máis adiante falarei del.

75 ANIVERSARIO

Naufraxio do pesqueiro Jesús Nazareno

En Foz, xa se teme o peor. O Jesús Nazareno non chegou a porto. Os tripulantes do Carmen e os do Santa María confesan habelos visto, pero que os perderon de vista en pouco tempo. Foi pouco antes da borrasca.

Xoves **19 de xullo** de 1945. Todo Foz está pendente do Jesús Nazareno, pero nin hai o máis mínimo asomo, nin do barco nin dos doce tripulantes. Os malos presaxios van enchendo de pesimismo os angustiados corazóns das xentes de Foz.

As autoridades de Mariña telefonean a tódolos portos do litoral español e das costas de Francia e Inglaterra, pero non hai nin rastro da embarcación.

Luns **23 de xullo** de 1945. Ás cinco da tarde, por fin, recíbense malas noticias do porto asturiano de Candás. Cipriano Aramendi, presidente da Confraría de Pescadores "Nuestra Señora del Rosario" dese porto asturiano, é o voceiro por vía telefónica o que comunica que nese porto, apareceu a cuberta da escotilla do Jesús Nazareno.

Tal noticia corre como a pólvora por todo Foz. Tanto focegos como turistas reciben o cruel mazado: a desaparición do Jesús Nazareno, e con el o seus doce tripulantes..

Se a noticia é cruel e lle fai estremecerse ata as almas menos sensibles, e se esta noticia aporta a morte de doce homes de Foz, hai que destacar o horror que puido vivir Severina Couto Navarro e a súa familia, pois dos doce desaparecidos no naufraxio, cinco son membros dunha mesma familia, a familia de Severina, a muller de Ramón o patrón que perdeu ao seu home, a dous dos seus fillos, a un irmán e a un cuñado. Moi forte ten que ser o ser humano para soportar tanta dor e tanto peso.

Ese mesmo día 23, constitúese unha comisión formada por representantes do Concello, Pósito de Pescadores, da Sociedade de Socorros Mutuos, Autoridade Local da Mariña, Cura Párroco, Comandante Militar e Xuíz Municipal. Trátase de organizar unha subscrición a favor das familias das vítimas. Encabézaa o Pósito con 12.000 pesetas, o Concello aporta 8.000 pesetas, a Sociedade de Socorros Mutuos con 3.000 pesetas. Nos seguintes días a subscrición aumenta considerablemente, a solidaridade dos focegos faise notar.

Día **25 de xullo**, día de Santiago Apóstolo e patrón parroquial de Foz, o xornal provincial *El Progreso*, publica unha enorme necrolóxica a todo o ancho de páxina cun recadro de 2 centímetros de grosor. Pero hai que ter en conta que as páxinas de *El Progreso* naquela época, non eran as de hoxe, pois aquela necrolóxica medía, 37 centímetros de longo, por uns 20 de ancho.

Pesqueiro Jesús Nazareno

75 ANIVERSARIO

Naufraxio
do pesqueiro
Jesús Nazareno

12 MARIÑEIROS DESAPARECIDOS

5 MEMBROS DUNHA MESMA FAMILIA

JOSÉ RAMÓN FRAGA PÉREZ (Lacón)

INOCENTE FRAGA PÉREZ

RAMÓN FRAGA COUTO

EDUARDO FRAGA COUTO

JOSÉ MARÍA COUTO NAVARRO (Quere)

RAMÓN LORENZO FERNÁNDEZ DOVAL (Legionario)

EUGENIO BUSTAMANTE IZAGUIRRE (Laredano)

JOSÉ MANUEL LÓPEZ POSADA (Pechereno)

JOSÉ ANTONIO RODRIGUEZ RÍOS (Pisón)

GERARDO E. PÉREZ GRADAILLE

JOSÉ RAMÓN LÓPEZ FRAGA (Minés)


JOSÉ OROZA PEDREIRA (Lagarexo de Fazouro)



Barco Jesús Nazareno (1935 - 1945)

75 ANIVERSARIO

Naufraxio do pesqueiro Jesús Nazareno



JOSÉ RAMÓN GUTIÉRREZ GONZÁLEZ

Co-propietario dos estaleiros
"Artime-Gutiérrez"
(El Dique de Luanco)

Autor dos planos para a
construción do pesqueiro
Jesús Nazareno

ASOCIACIONISMO

A POMBA DO ARCO:
31 ANOS DE HISTORIA

A Pomba do Arco

31 ANOS DE HISTORIA

A asociación cultural focense A Pomba do Arco leva 31 anos de historia defendendo a cultura e lingua galegas, mediante a realización de diversas actividades dende que se lanzou o 11 de novembro de 1989. Grazas ao traballo desta asociación, o concello de Foz conta con moitas iniciativas, como as "Xornadas de Historia Local" e "Sentirmos a Arte", a "Festa da palabra", cursos, presentacións de libros ou excursións para explorar o importante patrimonio galego.

Un claro referente na axenda cultural de verán de Foz son as **"Xornadas de Historia Local"** promovidas por esta asociación dende fai 25 anos, coas que promove e difunde a cultura e a historia do concello de Foz e a súa xente, así como a rexión da Mariña e de Galicia. Na súa última edición no ano 2019, abordáronse temas como o camiño de Santiago por Foz, a masonería na Mariña, o século XIV na comarca eos obxectos curativos e amuletos.



























A Pomba do Arco

31 ANOS DE HISTORIA



Coa realización das xornadas tituladas **"Sentirmos a Arte"** a asociación A Pomba do Arco pretende achegar a arte actual ao gran público e converter a comarca nun punto de encontro para temas artísticos. Desde o ano 2012 a asociación cultural celebra esta cita con personaxes destacados en distintas áreas artísticas, como música, pintura o deseño gráfico.

Xosé Varro, un dos grandes referentes do deseño gráfico no espazo europeo, participou na última edición destas xornadas.



A Pomba do Arco

31 ANOS DE HISTORIA



A asociación A Pomba do Arco creou ademais un espazo para a poesía e a música en Foz a través do seu proxecto **"A Festa da palabra".** Na súa quinta edición no ano 2019 participaron o poeta Eduardo Estévez, a poetisa Estíbaliz Espiñenta e o xornalista Manuel Darriba.

Outro xeito de axudar a difundir a cultura e o idioma galegos que leva a cabo esta asociación é a través de encontros literarios con presentacións de libros por parte dos seus autores, como o acto celebrado no mes de xaneiro do ano 2019 na Libraría Bahía de Foz con Antonio Rodríguez Baixeras, autor da publicación de Historia 'Crónicas da Galiza Bárbara'.

A este gran abanico de actividades culturais hai que sumar os cursos de diversa índole que ofertan desde a asociación A Pomba do Arco, como os de música tradicional, e as viaxes a distintos lugares de Galicia co fin de divulgar a súa importancia e descubrir a súa historia. Si es dos que goza viaxando e aprendendo poderás participar nestas excursións por un pequeno importe e baixo unha inscripción previa.





HOMENAXE A XOÁN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA



A Pomba do Arco conmemorou o seu **30° aniversario**, celebrado no mes de outubro de 2019, homenaxeando ao mestre Xoán Carlos González Basanta cunha serie de actos nos que quixo recoñecer a súa colaboración como membro fundador e presidente da asociación durante case 18 anos. Como sinalan dende o colectivo cultural, "a historia da asociación non se explica sen a contribución de Xoán Carlos", e merece un particular destaque la perseveranza de Basanta para mantener viva a asociación na crítica que sufre entre 1994 e 1997.

No marco dos actos de homenaxe a Xoán Carlos González Basanta a asociación editó un libro póstumo que recoge escritos do focense e que leva por título *Charametas*.

A POMBA DO ARCO NA REDE

Para coñecer todas as novidades e actividades da asociación, debes saber que A Pomba do Arco está presente nas plataformas sociais de *Facebook* e *Youtube.* Nesta última canle de comunicación podes ver certas ponencias das súas "Xornadas de Historia Local" e "Sentirmos a Arte".

TURISMO



VIAXAR NA NOSA CIDADE

Viaxar na nosa cidade



“Lugo é unha cidade infinita e o relato é inesgotable”

Autor:
GUIDO ÁLVAREZ PARGA

Este foi o nome que lle puxen á miña primeira materia como profesor da UNED Senior de Lugo. Mellor dito, o nome que lle puxen á primeira materia que deseñei na miña vida. Probablemente un dos resultados ou conclusións de xa 16 anos metido no mundiño do Turismo.

Por que “Viaxar na nosa cidade”? Se me preguntasen iso, probablemente a miña primeira resposta e a máis espontánea sería: “Porque son de Lugo”. Si, sen dúbida, creo que ese dato é moi relevante na miña visión sobre a importancia do turismo de proximidade.

Nacín aquí no ano 1985, fillo dun xornalista arxentino e dunha lucense profesora de historia. Toda a vida metido no tema “do importante que é Lugo e o pouco valorado que está polos propios lucenses”. Toda a vida escoitando esas frases tan pouco convencidas e tan pouco orgullosas do incrible que é a nosa cidade. Por sorte un pouquiño vai cambiando.

Neste turbulento 2020 parece que agora si é tendencia mundial o feito de valorar o que temos preto. Esqueceuse, por sorte, esa voráxine viaxeira banal e superficial para buscar un turismo máis sensible e profundo. Está moi ben facer viaxes longas pero non podemos deixar de lado aquelo que temos preto e que podemos desfrutar se non a diario como mínimo semanalmente.

Viaxar na nosa cidade non é só un xeito de lecer. Sempre o digo: viaxar na nosa cidade é un xeito de ser máis felices. De gozar máis dos pequenos detalles que nos arrodean. De darlle valor á historia das cousas pequenas; dende saber máis sobre esa porta antiga ou sobre esa pranta, ata por suposto conversar máis cos nosos veciños. Iso tamén forma parte da viaxe.

Regresei a Lugo no 2015 e levo polo tanto xa 5 anos experimentando máis que nunca laboralmente na miña cidade. Antes fixérao só de xeito esporádico un par de

Viaxar na nosa cidade



veráns (na oficina de Turismo da Xunta) e con algún proxecto moi concreto. Agora si podo dicir que teño unha certa experiencia no día a día do turismo lucense e creo que unha visión máis global e próxima que nunca antes.

Os lucenses non coñecemos Lugo. Nin sequera os que nos adicamos profesionalmente á xeografía e á historia da nosa cidade. Non é posible. É unha cidade inmensa, infinita, inabarcable e o relato é inesgotable, sobre todo, porque poucas veces se quixo investigar sobre el. Queda moito por descubrir.

Como digo sempre, o conto é por suposto aplicable a calquera lugar do mundo; os porteños non coñecen Bos Aires, os barceloneses non coñecen Barcelona e os romanos non coñecen Roma. Sempre estivemos demasiado ocupados.

Temos que estar menos ocupados. Dixémolo xa moitas veces. Ese famoso movemento *slow*; un pouco de calma. Deixaranos o sistema? Ese é o problema. Ten que mudar o sistema. O mundo ten que deixarnos máis aire pero tamén nós temos parte de responsabilidade.

É aí onde quero facer eu o meu traballo. No estímulo, na provocación, motivando a todos a que lle saquemos partido ó que temos preto. Penso que é unha das tarefas máis importantes que calquera guía turístico pode afrontare e tamén un reto: se guiamos ben para os da casa, cos de fóra será coser e cantar.

Viaxar na nosa cidade

Galiza ten aínda moita marxe para desenvolver o seu turismo sen caer no burdo turismo de masas, sen esquecer outros sectores tan importantes para o noso tecido económico, sen chegar a que a sociedade sinta turismofobia.

Estamos aínda lonxe diso, podemos facelo ben e, sobre todo, temos a oportunidade de crear posibilidades para a nosa mocidade. Postos de traballo e tamén capacitación. Os profesionais do turismo traballan e traballarán sempre en todo o mundo.

É unha gran sorte que a UNED estea a apostar en Lugo polos estudos deste ámbito, deste campo de coñecemento, deste sector económico. É importante que profesionalicemos, ou polo menos que demos a opor-







Viaxar na nosa cidade

tunidade de facelo. Que os lucenses teñan a oportunidade de estudar na casa, e os de fóra a oportunidade de vivir unha etapa universitaria en Lugo. Tamén iso é turismo e viaxar.

Volvendo a Lugo, a viaxar na cidade e ó turismo de proximidade: as posibilidades para esta materia son infinitas. Gustaríame que este primeiro curso da UNED sexa unha primeira pedra dun longo camiño de capacitación e posta en valor dos recursos da nosa cidade. Materiais, inmateriais e, sobre todo, humanos. Cantas persoas interesantes, cantas historias por contar.

Non imaxinades o fermosos que foron estes cinco anos traballando e poñendo en valor todos estes relatos, todas estas vivencias, todo iso que as bimilenarias pedras lucenses levan milenios calando. Agárdovos nas aulas e sobre todo nas nosas rúas e camiños.





Día das Letras Galegas

RICARDO CARVALHO CALERO

PEDAGOGO E A EDUCAÇAO AMBIENTAL



Ricardo Carvalho Calero

PEDAGOGO E A EDUCAÇAO AMBIENTAL

Autora:
ADELA FIGUEROA PANISSE



De todas as diversas facetas da sua extensa atividade vital, a de professor foi a que ocupou a maior parte de seu tempo. Sua profissão poderia ser a de escritor, (ensaista, crítico literário, romancista, poeta, académico da RAG e da de Lisboa), mas o trabalho com que o Doutor Ricardo Carvalho Calero ganhou a vida, foi a de docente.

Cobriu praticamente todas as etapas do processo educativo, pois ainda que não deu aulas em Educação Primária, sim o fez na secundaria , na universitária e nos estudos de posgrau. Pelo que diz a respeito da Primaria, ainda teve muita influencia, durante seu labor de Diretor.

Dom Ricado Carvalho Calero foi diretor do Colegio Fingoi desde a sua fundação no ano 1950 até o ano em que foi para Santiago de Compostela para desempenhar o posto de professora da Universidade de Língua Galega 1965. Viveu nesta cidade definitivamente até sua morte em 2010 desde que , restituído a seu posto de Catedrático exerceu de Professor do Instituto Rosalia de Castro de Compostela.(Tinha estado afastado do corpo como castigo polo seu passado Galeguista e de Teniente do exercito Republicano, depois de sofrer cárcere por quatro anos em Jaen).

Mais tarde passaria a tempo completo para a Universidade de Santiago por ter ganhado o posto de Primeiro Catedrático de Língua e Cultura Galegas desta Universidade. Polo tanto este grande vulto da cultura galega exerceu como docente toda sua vida profissional, para alem de trabalhar em inúmeras obras literárias, quer de ensaio, de teoria literária , científicas sobra língua e literatura e também de criação, em que cobriu todos os aspetos desta: Poesia, Teatro, Relato, contos e romances.

Tem uma obra escrita extenssísima, mas sempre foi professor. Um grande professor. Como pessoa rigorosa que era, também estudou os diferentes aspetos da didática e da pedagogia. Participou em todas as Xornadas de Ensino que organizou a Asociacion Socio Pedagóxica Galega e , mais tarde nas Jornadas de Ensino organizadas pola Associação Socio- Pedagógica Galaico Portuguesa herdeiras das primeiras. Em total por mais de 15 anos em que cada verão celebraramse a finais de agosto.

Dentro de seu labor pedagógico ele deu sempre muita importância a educação na natureza. Era grande

Ricardo Carvalho Calero

PEDAGOGO E A EDUCAÇAO AMBIENTAL

conhecedor de plantas e de questões de tipo ambiental, e sempre incidiu em que o ensino fosse centrado no ambiente.

Na memoria e Estatutos polos que se regia o Colegio Fingoi, consta como importante a procura de uma educação integrada que vise a aquisição do saber como um conjunto de interrelações de aspeto global e não em parcelas separadas em que as diferentes matérias do curricula apareçam como entes independentes. Assim lemos:

> *"En el orden intelectual se procura una instrucción ponderada y coherente que al proporcionar ideas no lo haga rompiendo la unidad de la misma, reflejo en la mente de la unidad del universo,provocando una visión fragmentaria y, por lo tanto desorientadora de la realidad. A este fin, y teniendo en cuenta el caracter fundamental de las Ciencias Naturales, que proporcionan la imagen del medio y forma en que la vida evoluciona, se coordinaran todas las enseñanzas en todos los grados de caracter cíclico en torno a temas básicos elaborados por el profesor de Ciencias Naturales. Este propona cada semana los centros de interés adecuados al ritmo de la naturaleza que está transcurriendo, a fin de disponer de los elementos de observación y experimentación que proporciona el ciclo de la vida. Aprovado por el director el plan de trabajo inmediato, todos los profesores son instruidos acerca del mismo para que dentro de las particularidades de cada materia coadyuven a lograr la máxima relación."*
>
> *(Colegio Fingoy, Memoria y Estatutos, pag 7. 1960).*

Este regulamento para o funcionamento do colégio foi elaborado pola feliz conjunção de duas mentes precalaras e de diferentes procedências intelectuais: Dom Ricardo Carvalho Calero e Dom António Fernandez, (Antón de Marcos) Engenheiro e homem ilustrado com uma grande sabedoria das Ciências e dos processos económicos que regem no mundo. Um grande mecenas para Lugo e para Galiza em geral. Ele fundou o Colégio Fingoi. Foi uma feliz junção. Era frequente vê-los passear polos campos do colégio discutindo de temáticas educativas e de outros temas.

O que sim é certo é que , durante os quinze anos que Carvalho esteve em Lugo seu lavor pedagógico como Director nom lhe deu um dia de trégua. Ele controlava todos os aspetos educativos e sabia todo o que acontecia nas aulas. Em nom chovendo era percetivo sair para dar as aulas no campo, passeando ou indicando as diferentes aprendizados que a natureza podia fornecer. Ele esmo dava muitos passeios com o alunado desde o Colégio até o Minho e , nessas caminhadas era frequente ouvi-lo cantar em quanto o grupo andava. Tinha boa voz e ouvido e conhecia muito do folclore galego e também da música clássica. Gostava especialmente das Zarzuelas e da Ópera que sabia de cor.

Polo tanto, Dom Ricardo já pus em prática o **ensino interdisciplinar** que, somente,foi recuperado com a LODE, mais de trinta anos depois de que o fizera ele no colégio Fingoy.

Era este herdeiro da filosofia educativa da Institución libre de Enseñanza que acabou com a Guerra civil de Franco. Mas é importante salientar que muitas das inovações pedagógicas que se iniciaram com a democracia e, concretamente coma LODE do ministro Maravall já estavam em prática no projeto educativo do Colegio Fingoi. Nomeadamente aquilo que se refere a interdisciplinariedade, Educação em Valores e a recuperação de valores pedagógicos como os **Centros de Interés** e a **Educação Ambiental** inseparável do método **Socio-Afetivo**. Em pedagogia foi um adiantado a seu tempo, porque também a **aprendizagem significativa** era posta em prática sob a sua direção e o acertado conselho de Dom António Fernandez.

Dom Ricardo praticou o modelo de ensino integrado centrando na Natureza para a educação primaria e secundária porque era um homem culto de grande erudição.

A única vez que se desgostou comigo foi por não ter eu apresentado nada para o Congresso Internacional sobre Rosalia que se celebrou em Compostela no Ano 1985. A minha desculpa era ser eu uma pessoa de Ciências. Ao que ele respostou:

—Pois por isso precisamente!. O saber tem de ser algo integrado e a natureza tem um papel importantíssimo na obra de Rosalia.

Ricardo Carvalho Calero

PEDAGOGO E A EDUCAÇAO AMBIENTAL

Isto nos indica como o seu saber era enciclopédico e de carácter universal. E a importância que ele dava a natureza no processo cultural e criativo.

No ano 1983 celebrouse em Barcelona o I Congresso de Movimentos de Renovação Pedagógica, organizado polo ministro Maravall e o Rosa Sensat que dirigia Marta Mata. A ASPG e as Jornadas do Ensino, ás que eu pertencia, eram membros na Organização daquele congresso. Dom Ricardo acompanhounos a Barcelona e ali estivo como figura de autoridade colaborando na redação das conclusões. Nestas conclusões algo do ideário de Fingoi se anuncia. Acordarase que o eixo integrador de toda a Educação Secundária seria a Educação Ambiental. No entanto, nas conclusões que se publicaram esta ideia aparece algo debilitada, limitandose a:

> *"Qualquer planeamento que se faga duma programação terá que assumir a interdisciplinariedade real o explicita. Todo este trabalho deve ter em conta que os conteúdos das distintas matérias ham de ter relaçom. Para esta tarefa propomos como núcleo mais importante o entorno no que se vive. A partir deste núcleo,todas as matérias a tratar ou atividades a realizar seguiram um desenvolvimento em espiral."*
>
> *(...) Por outra parte deverase estabelecer uma metodologia adequada e eficaz para lograr os suficientes conhecimentos do entorno o mesmo que a possibilidade de o compreender duma maneira mais crítica. Esta postura critica a respeito do entorno levará ao alunado a rerspeitalo a defendelo ou a transformalo."*
>
> *(Conclussons do 1º Congresso de Movimentos de Renovaçom-Pedagógica, Barcelona 1985 Ministerio de Educación y Ciencia. Pags 360/ 361).*

É claro que O Congresso de MRPs condiz em grande maneira com o ideário de Fingoi, e com as metodologias que sabemos que o Professor Carvalho Calero punha em prática nas suas aulas de Língua e Literatura. Ao defender um conhecimento holístico e a interdisciplinariedade, também estava a apoiar a aprendizagem significativa que mais tarde defenderiam Ausubel, Gowin e Novak , os três vultos mais relevantes da teoria do Construtivismo segundo a qual os estudantes constroem seu próprio conhecimento com base a aprendizagens significativas, quer dizer , conceitos e conhecimentos adquiridos que tenham significado para quem apreende, com os que sejam capazes de estabelecerem relacionamentos e mapas conceptuais de conhecimentos.

Por isso Carvalho destaca no seu método de interrelação dos múltiplos saberes, que estes nunca deveram funcionar como conceitos isolados, mas integrados num corpus que compõe o acervo cultural da pessoa.

Neste senso ponho em destaque a Novak, Biologo e professor de Ciências,na Universidade de Cornell, segundo quem Os Mapas Conceituais servem para estudar de que maneira os conhecimentos podem estar relacionados entre sim e ajudam para uma visão global dos nossos próprios saberes. A Educação Ambiental somente pode ser feita desde a quadro do construtivismo e da aprendizagem significativa.

Carvalho era uma homem que estava ao dia das teorias linguísticas literárias e também das pedagógicas, pois toda a sua vida participou como inovador pedagógico desde o seu posto de professor que percorreu todos os níveis de ensino, refletindo sobre sua praxe profissional e sobre o objetivo particular de seu trabalho:

A Dignificação da Língua e da Cultura da Galiza, fazendo grandes obras literárias, quer de criação quer da sua especialidade profissional. Sempre com um carácter de universalidade e de globalidade que somente os investigadores rigorosos podem fazer . Como ele o era.


Infelizmente o sistema Educativo Espanhol tem uma grande inercia reacionária e é muito resistente a inovações que escapem de sua característica: a **memorística e os saberes fragmentados**, e falto de estí

mulos para a criatividade, o pensamento alternativo o respeito a diferencia ou o amor ao comum que é a nossa casa, o nosso lar a Terra.

As reformas da LODE (Ley Orgánica del Derecho a la Educación, 1985) teriam ajudado a reconduzir esta eiva na formação das pessoas que temos a nacionalidade espanhola, mas os poderes reacionários (Políticos herdeiros do Franquismo, e a Igreja Espanhola) apresentaram sempre

Ricardo Carvalho Calero

PEDAGOGO E A EDUCAÇAO AMBIENTAL



forte oposição a toda reforma que implique a liberdade de pensamento e a prática do método científico.

A eliminação da Educação para a Cidadania na lei LOMCEde 2013, e a desaparição da educação em valores promovida polo governo das direitas pode representar o paradigma ideológico dessa direita retrógrada que volta para os tempos de Fernando VII, aquela de que "a letra com sangue entra".

Rejeita toda inovação e alegria no processo de ensino-aprendizagem que foram os ideais da II Republica e dos Movimentos de Renovación Pedagógica dos anos 80, nos inícios da democracia. Carvalho pertence a geração da república. Dos que perderam a guerra. Mas que puderam manter os ideais duma educação igualitária feita com rigor e alegria para toda a gente, embora isto fosse feito apenas nos pequenos redutos que a ditadura não deu controlado.

O fracasso da implementação da LODE e dos processos gerais de modernização da Educação, teve graves consequências para todo o estado espanhol, que estamos a ver agora 35 anos depois do seu rejeitamento polos poderes factuais de Espanha. Somente Catalunya continuou com o processo de renovação pedagógica dos que destacamos a *Marta Mata* herdeira da maestra *Rosa Sensat*. De resto, somente alguns núcleos ou casos singulares levaram a cabo processos de inovação e de melhora da qualidade educativa. A linha geral foi de continuidade das rotinas enquistadas no sistema educativo espanhol.

Deixo duas citas de estas duas grandes pedagogas.

Com Marta Mata tivemos a honra de conviver em Barcelona durante mais duma semana, em que o Professor Carvalho Calero foi digna figura representante da renovação pedagógica na Galiza.

Todas as pessoas que passaram polas suas aulas lembram a sua grandeza intelectual e a sua boa pratica educativa. Não somente era um grande literato, mas também foi um grande pedagogo.

Bem haja. Galiza fica muito honrada por ter tido entre seus filhos uma figura tão excecional.

NATUREZA

- PROYECTO UNED #LUGONATURALMENTE
- #PlanetaODS



© jcomp

Proyecto UNED

#Lugonaturalmente



Autora:

Dª ANA BELÉN TRASEIRA PENA

En outubro de 2018 o Centro Asociado da UNED publicou a súa nova misión e valores. Aos valores do Centro engadiuse a **Responsabilidade Social** que vai máis aló do cumprimento da normativa vixente e trata de xestionar todas as actividades con honradez e trato igualitario, optimizando os recursos dispoñibles e coidando o impacto ambiental.

Neste sentido, decidiuse actuar en aspectos relacionados coa optimización de recursos e o coidado do impacto no medio, realizando actividades relacionadas o fomento da sensibilización cos problemas do desenvolvemento e da sustentabilidade ambiental, a posta en valor do patrimonio ambiental da contorna do Centro Asociado e do seu tres Aulas Universitarias (Foz, Monforte de Lemos e Viveiro), o coñecemento do cambio climático e a loita contra o mesmo. Ademais de contribuír á divulgación e comunicación da Axenda 2030 e os seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) ao conxunto da Comunidade Universitaria e á provincia de Lugo.

A UNED asumindo o compromiso coa Axenda 2030 elaborou o Plan Estratéxico (2019-2022), no que os *Obxectivos de Desenvolvemento Sostible* se establecen como eixos transversais na educación, investigación e transferencia e gobernanza.

En liña co Plan Estratéxico da UNED e co obxectivo de **Impulsar o cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible,** a UNED de Lugo adhírese a este fin común e traballará para contribuír á consecución dos compromisos da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), como desenvolver a Campaña UNEDODS, promover o desenvolvemento do ODS e a igualdade de xénero na UNED, rexistrar e reducir a pegada de carbono da universidade, mellorar a eficiencia e a sustentabilidade ambiental na adquisición de bens e servizos e no consumo de auga e enerxía, e ordenar o sistema de xestión de residuos.

Proyecto UNED

#Lugonaturalmente

AS NOSAS METAS

FOMENTAR A SENSIBILIZACIÓN COS PROBLEMAS DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

POÑER EN VALOR O PATRIMONIO AMBIENTAL DA CONTORNA DO CENTRO ASOCIADO

COÑENCEMENTO DO CAMBIO CLIMÁTICO E LOITA CONTRA O MESMO

CONTRIBUÍR Á DIVULGACIÓN E COMUNICACIÓN DA AXENDA 2030 E OS SEUS 17 OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (ODS)

O futuro ao que nos enfrontamos é incerto. Debemos ser conscientes de que non é posible o crecemento infinito nun planeta de recursos limitados. Por iso, o noso deber é repensar na nosa maneira de organizarnos, no noso modelo de consumo e enerxía, no modo de movernos ou nosa maneira de producir alimentos.

Debemos aprender a convivir coa Natureza e asumir a realidade da situación para adoptar as medidas individuais e colectivas necesarias co fin de atallar o problema.



Proyecto UNED
#Lugonaturalmente

AS NOSAS ACCIÓNS

ACCIÓNS DO CENTRO:

- Fomentar a **responsabilidade social**, analizando o noso comportamento ambiental
- Trazar e difundir un **sistema de xestión ambiental do Centro (SXA)**
- Cálcular a **pegada ecolóxica do Centro** e contribuír á diminución da mesma
- Substituír a cartelería impresa grazas ao uso de monitores



SABÍAS QUE?...

- Unha persoa xera medio quilo de **residuos sólidos** ao día.
- A **industria da moda** é a segunda máis contaminante do planeta. Produce máis emisións de carbono que todos os voos e transportes marítimos internacionais xuntos.
- En 12 anos a **temperatura media globa**l do planeta colocará aos seres humanos e á Natureza unha situación de alto risco.
- 8 millóns de toneladas de refugallos plásticos chegan aos océanos cada ano. Cada segundo arróxanse máis de 200 quilos de plástico a mares e océanos. Se non se deixa de arroxar residuos, en 2050 o océano terá máis **plástico** que peixes.

- Realizar unha **xornada de formación interna** sobre sustentabilidade, en colaboración con ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)
- Susbstituír as fontes de auga de bidóns e os vasos de plástico dun só uso por **fontes de auga** da traída filtrada e **envases** de vidro reutilizables
- Adhesión ao **programa Caring for Climate** das Nacións Unidas, a maior iniciativa do mundo empresarial para a loita contra o cambio climático
- Participar en **#COP25UNED,** actividade organizada pola UNED na Sede Central con motivo da celebración do próximo **Cume sobre o Clima en Madrid**
- Usar o logo de ODS en todos os documentos do Centro

Proyecto UNED
#Lugonaturalmente

ACCIÓNS DIRIXIDAS Á SOCIEDADE LUCENSE E AO ALUMNADO DA UNED:

- **Xornada de formación** sobre sustentabilidade e concienciación da magnitude do problema do cambio climático, en colaboración con ADEGA
- **Taller de compostaxe e reciclaxe de materia orgánica**
- **Taller de introdución á moda sustentable**
- **Taller de Innovación en Turismo Sustentable**
- **Actividades na contorna do río Miño** (andaina e/ou recollida de lixo no río)
- **Adhesión ao "Proxecto Ríos" de ADEGA**; unha iniciativa de concienciación, educación e participación cidadá en defensa dos nosos ríos
- **Xornadas do Souto da Ribeira**: Curso/seminario sobre o río Miño e o ecosistema da ribeira do mesmo, para pór en valor o noso patrimonio ambiental. En colaboración con ADEGA
- **Anelamento de aves** na contorna do Miño
- **Reforestación participativa** na contorna do Miño
- **Recuperación da poza no entorno do Centro Asociado** á beira da Sede Miño
- **Hortos ecolóxicos** na contorna do Miño
- **Curso Biodiversidade e Conservación Mariña I**
- **Conferencias sobre o cambio climático, residuos e lixo mariño e educación ambiental,** en colaboració con CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia)
- **Exposición**: *Cambio climático. O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción*
- **Xornada Axenda 2030 e Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable ODS**







#PlanetaODS

#PlanetaOSD

Dentro do proxecto #LugoNaturalmente o Centro Asociado da Uned en Lugo promove unha nova iniciativa audiovisual coas efemérides ligadas á **Axenda 2030**. A finalidade desta nova acción divulgativa, denominada **#PlanetaODS**, é a de concienciar da importancia de vivir dun modo máis sostible, reforzando o compromiso das administracións e da ciudadanía para alcanzar os dezasete grandes **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** (ODS) que contribúen a preservar o planeta e facer posible unha vida digna para todo o mundo.

As mensaxes difundidas polo centro educativo a distancia versan sobre a sustentabilidade e fan fincapé no necesario que é coidar o noso planeta. A través de diversas canles sociais de comunicación (*Facebook*, *Twitter*, *Youtube* e *Instagram*) a Uned de Lugo informa dos desafíos globais aos que nos enfrontamos día a día, como a pobreza, a desigualdade, o clima, a degradación ambiental, a prosperidade, a paz e a xustiza.

Axenda 2030

A Axenda 2030 é o resultado dun gran acordo que o 25 de setembro de 2015 alcanzaron os 193 estados membros das Nacións Unidas e que se concreta en dezasete obxectivos de desenvolvemento sostible, que teñen incidencia nos campos ambiental, social, económico e institucional.



Obxetivos de Desenvolvemento Sostible

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), tamén coñecidos como Obxectivos Mundiais, seguen os logros dos **Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio** e son unha chamada universal das Nacións Unidas á adopción de medidas para poñer fin á pobreza, protexer o planeta e garantir que todas as persoas gocen de paz e prosperidad. Para non deixar a ninguén atrás, é importante que logremos cumprir con cada un dos dezasete obxectivos para 2030.

DÍA INTERNACIONAL PARA A PREVENCIÓN DA EXPLOTACIÓN DO MEDIO AMBIENTE NOS CONFLICTOS ARMADOS

O medio ambiente: a vítima máis silenciosa e silenciada

En 2001 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou o **6 de novembro** como o Día Internacional para a Prevención da Explotación do Medio Ambiente na Guerra e os Conflitos Armados, unha data que pretende protexer o medio ambiente en situacións de conflito xa que en moitas ocasións é a vítima máis silenciosa e silenciada.



DÍA MUNDIAL DA CIENCIA AO SERVIZO DA PAZ E O DESENVOLVEMENTO

A ciencia ao servizo dun futuro sostible


Celebrado cada **10 de novembro**, o Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento destaca o importante papel da ciencia na sociedade e na nosa vida cotiá, así como o invaluable rol que desempeñan os científicos para achar solucións que permitan que as nosas sociedades sexan máis sostibles.




#PlanetaOSD

ÚNETE AO CAMBIO
E COÑOCE OS DESAFÍOS GLOBAIS
AOS QUE NOS ENFRONTAMOS









PATRIMONIO

- BASÍLICA DE SAN MARTIÑO DE MONDOÑEDO
- CASTELO DE CASTRODOURO



Basílica de San Martiño de Mondoñedo

Sita no municipio de Foz (Lugo), a Basílica de San Martiño de Mondoñedo é unha igrexa construída nos séculos XI-XII sobre un antigo templo prerrománico do século X, outrora sede episcopal da diócesis mindoniense. O monumento de estilo románico ten elementos arquitectónicos dos séculos X, XI e XII e considérase a igrexa máis antiga de España (s. VI). Distinguida co rango de basílica desde 2007, trátase dunha das construcións altomedievales máis interesantes de Galicia tanto pola súa longa historia como pola riqueza arquitectónica, escultórica e pictórica que atesoura entre os seus muros, os cales, fixéronse acreedores a ser declarados Ben de Interese Cultural en 1931.



Castelo de Castrodouro


Ligado á figura do mariscal Pardo de Cela, sitúase en Alfoz, no interior da Mariña Lucense. O Castelo de Castrodouro tivo a súa orixe nun asentamiento castreño de comezos do século I d.C. Desta construción só se conservan as estruturas exteriores da torre homenaxe da primitiva fortaleza. No século XI, unha familia da meseta funda o monasterio familiar. No século XV é ocupado polo Mariscal Pardo de Cela, que o perde trala súa morte pasando a ser propiedade da diócesis mindoniense, quen o reconstrúe despois de que os Reis Católicos decidisen a súa destrución, converténdoo en residencia episcopal ata o século XVII no que foi abandonado. A finais do século XIX foi usucapido polo Concello quen decidiu arranxalo, destinándoo ata o ano 1990 a Casa Consistorial e sé do Xulgado Municipal. Na actualidade o Castelo acolle varias dependencias municipais que contribúen á súa posta en valor: punto de información turística, sala de exposición, sala museo e mirador.





PERSONAXES GALEGOS

ÁLVARO CUNQUERIO MORA



Álvaro Cunquerio Mora

“Eu non creo na musas nin niso que se chama a inspiración, creo que un ten máis ou menos un certo poder de educación, vaise cargando de memorias, sabe que a verdade non vasta, que hai que ter unha memoria e sobre ela o escritor constrúe e desenvolve o tema”



Novelista, poeta, dramaturgo, xornalista e gastrónomo español, mestre da narrativa fantástica e especialmente valorado como autor galego bilingüe do século xx. A súa obra insérese nas tendencias renovadoras da literatura española de posguerra; pola calidade da súa produción, ocupa unha posición prominente entre os mellores narradores galegos do periodo, xunto a figuras como Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Ánxel Fole e Xosé Neira Vilas.

Home de gran cultura e sensibilidade Álvaro Cunqueiro naceu o 22 de decembro de 1911, en Mondoñedo. A lectura atrapouno desde moi pequeno e así foi que, na súa mocidade, animouse a escribir a súa primeira novela inspirado nas novelas de Buffalo Bill. Estuda Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela entre 1927 e 1934.

En 1929 colabora en varias revistas, como Vallibria e Galiza. Publica o seu primeiro libro de poemas, *Mar ao Norde*, en 1932, seguido por *Poemas do si e non* en 1933. Compaxina esta actividade coas súas colaboracións (poemas e artigos) noutras revistas e diarios como *Céltiga*, *Descobrimento*, e *O Compostelano*.

Álvaro Cunquerio Mora

Desde Madrid colabora esporádicamente en revistas literarias como *Finisterre* e *Posío* e finalmente decide volver en 1946 a Galicia, onde continúa o seu labor intelectual e a súa colaboración cos principais xornais galegos.

En 1964 ingresa na Real Academia Galega co seu discurso *Tesouros novos e vellos*, unha peza clásica da literatura galega contemporánea.

Como escritor gaña numerosos premios, entre os que destacan o Premio Nacional da Crítica e o Premio Nadal, e como xornalista, o afamado Premio Conde de Godó. O día 17 de maio de 1991 ten lugar a celebración no seu honor das Letras Galegas. Na actualidade varios premios levan o seu nome, como o Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico e o Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais.

ÁLVARO CUNQUERIO MORA

Aproximación en profundidade á obra do escritor Álvaro Cunqueiro, así como á súa produción narrativa, teatral, poética, xornalística e gastronómica. Antón Reixa dirixe este documental que reúne imaxes de arquivo nas que o propio Álvaro Cunqueiro fala das súas claves literarias, os seus amigos, os seus gustos, e testemuños de familiares, escritores, críticos, amigos e especialistas como Xuan Bello, Quico Cadaval, Xavier Castro, César Cunqueiro, Juan Ramón Díaz, Luis Mateo Díez, Francisco Fernández del Riego, José María Merino, César Antonio Molina, César Morán, Sacha Ormaechea e Nélida Piñón. O documental complétase coa grabación do ensaio dunha as pezas teatrais máis importantes da produción de Cunqueiro, Don Hamlet.



LCD
Lugo Cultura Dixital
MURALLA ABERTA

COLABORADORES



BIOGRAFÍA

AURELIA BALSEIRO

Licenciada con grao en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela coa especialidade de Historia da Arte - Museoloxía. Doutouranda en Arqueoloxía. Investigadora especializada no eido da ourivería prerromana. Directora do MPL dende outono do 2008.



BIOGRAFÍA

ADELA FIGUEROA PANISSE

Profesora reformada de Bioloxía.

Escritora. Ecoloxista.



BIOGRAFÍA

JUAN RAMÓN FERNÁNDEZ PACIOS

Licenciado con grao en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela coa especialidade de Historia Contemporánea. Escritor. Encargado do Centro de Interpretación do Camiño Norte en Mondoñedo.



BIOGRAFÍA

XESÚS DO BREOGÁN (Xesús Basanta Martínez)

Escritor e divulgador da historia local do Concello de Foz. Colaborador e fundador de eventos culturais.



BIOGRAFÍA

GUIDO ÁLVAREZ PARGA

Diplomado en Turismo e Guía Oficial de Turismo en Galicia. Colaborador de UNED Lugo, Campus Terra USC, *Galicia Confidencial, Lugo Xornal, Nós Diario, El Progreso de Lugo e La Voz de Galicia.*